

Alberto Augusto Miranda e X. Carlos Domínguez Alberte (coord).
Mulher a facer vento

Teresa Seara

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SEARA, TERESA [1999]). “Alberto Augusto Miranda e X. Carlos Domínguez Alberte (coord). *Mulher a facer vento*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1998, 305-308. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1806>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SEARA, TERESA (1999). “Alberto Augusto Miranda e X. Carlos Domínguez Alberte (coord). *Mulher a facer vento*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1998, 305-308.

* Edición dispoñíbel desde o 10 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Alberto Augusto Miranda e X. Carlos Domínguez Alberte (coord.)
Mulber a facer vento.
Lisboa: Edições Tema

Teresa Seara

Puntualmente, a Sociedade Guilherme Cossoul, con sede en Lisboa, véñse ocupando, a través do seu departamento literario, as Edições Tema, de difundir no país veciño a obra dos nosos autores, sobre todo dos poetas. Así, entre os volumes editados por este selo figuran *Rota ao interior do ollo* (1995) de Luísa Villalta, *A escrita das aves de Marzo* (1997) de Xosé María Álvarez Cáccamo ou *O cavalo económico* (1998) de Anxo Pastor, xunto co ensaio *O corpo da amiga* (1996) de Carlos L. Bernárdez e a peza dramática *A conquista da cripta* (1998) de Manuel Lourenzo. Mais, tamén constatamos a presenza de voces galegas —as de Xosé María Álvarez Cáccamo, Arturo Casas, Luísa Villalta e Xulio L. Valcárcel— no volume colectivo que publican en homenaxe á arte musical de Carlos Paredes: *Tudo o que a água consigo leva* (1997).

Sen embargo, o seu interese pola nosa literatura non se extingue no campo da edición senón que evidencia un intento de achegarse á realidade profunda que rexe as nosas letras, de aí que organizasen entre o vinte e cinco e o trinta de maio de 1998, coa axuda do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, as “I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa”. Neste marco presentouse o volume *Mulber a facer vento* que, coordinado por Alberto Augusto Miranda e Xoán Carlos Domínguez Alberte, reúne textos de Ana Romaní, Anxos Romeo, Emma Couceiro, Luísa Villalta, Luz Pozo Garza, Olga Novo e Yolanda Castaño, sete das nosas voces femininas máis prestixiosas. Desta maneira, o volume gaña en diversidade por canto cada unha delas lle aporta as súas formas plurais, e mesmo contrapostas, de entender —e manifestar— a escrita.

O ser que entra nos territorios ambivalentes do amor, na vivencia íntima e sensual da paixón desatada, mergúllase dun xeito inevitable nun movemento de

dupla traxectoria que o leva a ir cara ó outro —o obxecto do seu desexo— e cara a adentro de si. Eis a viaxe que experimenta o eu poético na serie de textos con que participa neste volume Ana Romani. Un ser que, mentres se achega á realidade de Lisboa (Alfama), afonda en si mesmo para transcenderse nunha metamorfose capaz de amosalo renovado, fortalecido, co coñecemento interior para vivir dun xeito máis intenso esa paixón que nace. Mais, este camiño esíxelle unha concentración absoluta —tal a da cereixa que remata no óso—, de aí que faga súa a sensualidade do efémero (froitas, flores) mentres avanza por un corpo que comeza a coñecer:

*Non alimento outras viaxes, espero
tan só que o nordés demore
nos teus ombros o aroma renovado
das cereixas. E que me comas
coa voracidade dos boleros.*

Anxos Romeo volve nos seus poemas a explorar unha liña pola que se amosa especialmente fascinada, esa que fai da súa proximidade ó surrealismo un desafío constante para o lector. Neste caso, o reto atinxe tamén a voz poética por canto se propón reflexionar sobre o máis íntimo, a memoria, a casa, o pasado, en definitiva, sobre a realidade primixenia que a conforma. Mais a crónica desta relectura non deriva nun resumo lineal senón retorto e ambiguo como serpe. Posúe porén un misterio fascinante e aterrador a un tempo na súa mensaxe, e vólvese, como o réptil, ofídico por canto son moi poucos os que se atreven a achegarse a unha memoria que devora para desvelar:

*os días de lúa masco serpes e cobras xigantes
rodeada da triste paisaxe da memoria, masco cerimoniais
desperta sobre o mundo nun refuxio que devora peles emprendidas
nun tempo sen rutas e marxas fermosos sen asegurars,
pero aquí penso: —unbas poucas horas nos Alpes de Enns arañados de roupa branca
e xa estou desexando ter nai cobra
pra que me devore aquí mesmo!*

Común a varias das poetas que desenvolven a súa obra hoxe en día, a propensión a reescribir os mitos clásicos e a reivindicar figuras de muller que ata o de agora foran definidas desde un punto de vista androcéntrico, ten presenza neste volume da man de Emma Couceiro. Así, nos seus versos atopamos tres arquetipos femininos (as princesas, a amiga de Meendinho, a heroína romántica Matilde de La Mole...) representados como mulleres que exhiben, desde a histeria ou desde a radical vontade de saberse seres condenados polo tempo e as circunstancias, diferentes actos de entrega. Desta maneira, renunciando á liberdade, á vida ou á cordura, superan o papel de vítimas que lles fora deparado para adoptar unha posición activa fronte ó mundo por máis que as súas conductas debeñan no tráxico ou evidencien unha materia humana desbocada:

*Pero chámase mítica porque aínda pode berrar
e non minte,
cruzar o seu corpo e caer para crear a lenda,
exactamente igual que cando amaba*

*e tecía todo o lenzo branco como un interior que medra
subindo a torre
cando desaparece a torre.*

No conxunto de textos que constitúe o “Soliloquio da serpe” —moi próximos á técnica teatral do monólogo—, Luísa Villalta reivindica a un ser inxustamente denigrado por canto constitúe unha forma diferente de existencia. Métese así na pel do animal para romper co malditismo que vencella a serpe a un mundo simbólico de escuridade e destrución, subvertido na luz dunha reflexión profunda sobre a súa realidade. E faino subordinando, en aparencia, un dos trazos máis relevantes da súa poética —o que atinxe á procura constante da harmonía do verso, da música que reside nas palabras— en favor da voz sibilante do réptil que se interroga sobre si mesmo desde a distancia de quen simula ser outro. Á fin, o misterio resólvese na valentía de quen decide manifestar o asubío do vento, o instinto e a elección máis libre:

*E se ó teu non fose máis que a luz do instinto
que te impulsou a abrir a pel que herdache
e nacerte do mar
para dar forma ao asubío do vento
que traía consigo as túas voces anteriores
para poderes escoller entre as posibles
como unha raíña que se mira as uñas
e finalmente feliz decide o exilio miúdo
dunha existencia en carne de sentir
de tanto e tanto irse esfregando
contra a dura pedra da certeza do chan
coas súas fames e sexos e flores defecadas
mais co pracer arrastro
envolta a nudez
na nudez dos corpos que procura?*

Nas series de poemas con que Luz Pozo Garza participa no libro —*Ondas do Mar de Vigo* e *Memoria de África*— fican patentes dúas das liñas máis queridas pola autora na súa longa e ampla traxectoria poética. Primeiramente, aquela que evoca o legado medieval desde a transformación do eu lírico en amiga que, con fe inquebrantable, sabe que vivirá un amor sen fisuras capaz de superar a morte que a cerca. Esta positividade devén nun vitalismo telúrico que acaba revelando ós amantes os misterios máis arcanos da natureza que lles dá vida. Sen embargo, na segunda das series, o verso adopta un cariz dramático na súa transformación en berro estremecido polos inocentes masacrados en guerras e fames, polo desarraigo da terra que sofren os desprovistos de esperanza, os que soportan o exilio e a morte...

*Camiños sen retorno na obstinación
da morte:
ferida placentaria da humanidade toda*

*Van as nais e os meniños
tal unha flor exigua que se abateu nos límites
para morrer unánime*

A renovada expresión do erotismo que caracteriza as poetas máis novas toma en Olga Novo un marcado cariz pannaturalista ó que non son alleos os textos que inclúe no volume. Aínda que a acción destes se disloque, ás veces, do seu espazo telúrico a escenarios máis urbanos, o eu lírico non deixa de amosar o seu interese en desentrañar o misterio recóndito que envolve a nai primixenia, a matriz orixíndica que nos configura como entes. Desta maneira, mentres se libera de todo tipo de tabús no seu achegamento sexual a outro ser —expresado ben a través do corpo e a súa mímica, ben cunha lingua que foxe do eufemismo para atopar a súa óptima dimensión expresiva nos termos naturais—, o eu vai acadando a comunión que desexa e outorga ó poema a liberdade de estenderse como os vales ou abreviar no alento fuxidío dunha flor:

*a miña relación carnal coas volvoretas no centro dunha praza
a miña relación carnal comigo mesma.*

*un manto para a corrente que entra nesta páxina,
as que fican as gadañas no trebo alto,
asubían as herbas ata un corte afiado na epiderme.*

*telaza.
oras ofrecendo os peitos a ese sol distante, os teus aceites.*

*os pasteiros comezan a ensancharte,
sangras derrotada por isto, cómo te dobras para que este verso
diga exactamente un trigal e digas trigal e non caias enferma*

Tamén nos poemas englobados baixo o título calamburesco de “O Culto” incide Yolanda Castaño no terreo do erotismo desde a radicalidade que a caracteriza mesturada coa experimentación lingüística. O eu aproxímase agora ó morboso, relámbese na miseria e na agonía como forma de dominación do outro mentres procura, sobre todas as cousas, o goberno das vontades alleas. Na esfera da lingua, o crípticismo e as asociacións léxicas case inverosímiles contribúen a acentuar o misterio e a escuridade do poema mentres a veneración acada un cariz ritual (culto) que saca á luz, en todos os ámbitos, aquilo que adoita ficar escondido (oculto):

*Para unha miseria gloriosa esta será unha reverencia negra.
Prácame unha agonía que sexa moi estética
Labios que se repregan e que afloran e castigan
e facerche tanto dano mentres digo meu amor.
Onde unha apracible tortura
as túas unllas que me morden e os teus dentes me consumen. Quero
saloucar. E nos días seguintes esta dor permanente
e as marcas das trabadas na carne resentida
coma un poema esculpido no corpo, coma beixo tatuado
delicioso sacrifico a medio rematar.*

O volume *Mulber a facer vento* remata sendo, pola súa diversidade de voces, unha fiestra aberta á nosa literatura máis renovadora: aquela que ten nas poetas as súas artífices; nas forzas catárticas do vento, o seu valor transcendental.